



**AXENCIA PARA A CALIDADE DO  
SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA (ACSUG)**  
Memoria de Actividades 2014





# ÍNDICE



Edita:

**Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)**

Rúa Lamas de Abade, s/n  
CIFP Compostela 5ª planta  
15702 Santiago de Compostela

Teléfono: +34 981534173 - Fax: +34 981534174  
E-mail: [acsug@acsug.es](mailto:acsug@acsug.es)  
Páxina Web: [www.acsug.es](http://www.acsug.es)

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e a ACSUG como editora.



A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR nas Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2004. Ademais, o Sistema de Xestión Medioambiental está verificado segundo o Regulamento Comunitario de Ecoxestión e Ecoauditoría (EMAS).



PRESENTACIÓN	7
MISIÓN E VISIÓN DA ACSUG	9
ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN	11
	11 ESTRUTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS
	13 CALIDADE INTERNA
	14 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
	14 XESTIÓN ECONÓMICA
ACTIVIDADES E PROGRAMAS REALIZADOS EN 2014	17
	17 AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS
	23 AVALIACIÓN DO PROFESORADO
	35 AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN
	38 ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL
COOPERACIÓN E COMUNICACIÓN	43
	43 ACTIVIDADES INTERNACIONAIS
	47 OUTRAS COLABORACIÓNS
	48 CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS
	49 PUBLICACIÓNS



A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) créase no ano 2001 coa misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

A ACSUG, como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, considera fundamental, en primeiro lugar, garantir un adecuado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades. Por iso no ano 2014 seguiu a traballar na mellora do sistema de xestión interno e nos métodos de traballo. Un dos aspectos nos que máis se incidiu é no impulso da medición sistemática da satisfacción de todos os grupos de interese relacionados coa ACSUG.

A ACSUG continuou no 2014 coa realización de actividades xa implantadas anteriormente, buscando sempre a mellora da calidade das universidades galegas. Entre estas actividades podemos salientar: a verificación e seguimento de titulacións, a certificación dos sistemas de garantía da calidade dos centros universitarios, os distintos procesos de avaliación do profesorado universitario, a realización de estudos de inserción laboral, a avaliación da investigación universitaria, etc.

Entre as novas actividades hai que salientar o comezo da renovación da acreditación dos títulos universitarios e tamén a avaliación e seguimento da garantía de calidade das ensinanza artísticas superiores.

A ACSUG pertence á Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU) e é unha das axencias participantes na Comisión Universitaria para a Regulación do Seguimento e Acreditación dos Títulos Universitarios (CURSA), comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

A nivel internacional cómpre destacar que a ACSUG superou no 2014 de xeito satisfactorio o proceso de avaliación externa levado a cabo pola European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA), da que é membro de pleno dereito desde o 2009. Xa que logo, a ACSUG vai seguir pertencendo ao organismo ata o 2019, ano en que se levará a cabo un novo proceso de avaliación externo (as axencias membros de ENQA deben pasar unha avaliación periódica cada 5 anos).

A ACSUG tamén está inscrita desde o 2010 no European Quality Assurance Register for Higher Education (EQAR), ao cal pertencen axencias de calidade universitaria a nivel europeo que son recoñecidas pola súa profesionalidade e credibilidade no desenvolvemento das súas actividades. No 2014, a ACSUG tamén renovou a súa inscrición no EQAR ata o ano 2019.

A ACSUG é, ademais, desde xuño do 2013, membro do Consorcio Europeo de Acreditación (ECA). ECA proporciona aos seus membros unha oportunidade para incidir no recoñecemento mutuo das avaliacións e mais no intercambio de boas prácticas en temas de educación superior.

Outras actividades destacadas a nivel internacional foron a continuación coa avaliación de centros universitarios da Universidade de San Martín de Porres (USMP) e da Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (USMP), ambas as dúas situadas en Perú. Tamén se estableceu un convenio marco coa Universidade de Guanajuato en México.

Esperamos que esta memoria, que reflicte o traballo e a ilusión do persoal da ACSUG no desempeño do seu labor, contribúa á difusión das diversas accións realizadas no ano 2014..



A ACSUG plasmou nun documento público de código ético os principios e os obxectivos xerais e estratéxicos que serven de base para a realización das actividades da axencia.

Unha parte importante do documento corresponde á misión e visión da ACSUG:

#### MISIÓN

A ACSUG ten a misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), e para iso lévanse a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

A ACSUG serve de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, contribuíndo a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.


#### VISIÓN

A ACSUG pretende ser un referente no tocante á garantía de calidade das institucións de educación superior do SUG, e é recoñecida en Galicia, España e a nivel internacional pola súa independencia, transparencia e credibilidade

### ESTRUTURA ORGÁNICA E RECURSOS HUMANOS

A estrutura orgánica da ACSUG componse de órganos de goberno e dirección, órganos consultivos e órganos de avaliación.

Os órganos de goberno e dirección da ACSUG son a presidenta ou presidente, o Consello de Dirección e a directora ou director.



**A presidenta ou presidente da ACSUG**

É o máximo representante institucional. Á presidenta ou presidente correspóndelle, entre outras funcións, convocar e presidir as sesións do Consello de Dirección, dirixir as deliberacións e decidir os empates co seu voto de calidade, e mais velar pola consecución dos obxectivos da ACSUG e polo cumprimento dos seus estatutos.

**O Consello de Dirección**

É o órgano superior de goberno, dirección e xestión. Entre as súas funcións atópanse: a aprobación da programación anual de actividades, a adopción das medidas adecuadas para a mellor organización e funcionamento da ACSUG e mais a aprobación dos orzamentos da ACSUG, así como das súas contas anuais.

Son membros do Consello de Dirección a presidenta ou presidente da ACSUG, representantes das universidades do SUG e do Goberno de Galicia, membros destacados da comunidade académica e científica ou empresarial, estudantes do SUG, a presidenta ou presidente da CGIACA e a directora ou director da ACSUG. Un técnico da ACSUG actúa como secretario con voz e sen voto.

**A directora ou director da ACSUG**

É o órgano executivo da ACSUG. Dirixe, organiza, xestiona e inspecciona as actividades da ACSUG de acordo coas directrices do Consello de Dirección.

**Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA)**

A CGIACA é o órgano superior de avaliación da ACSUG e exerce, con total independencia, as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación que

ten atribuídas a ACSUG ás que se fai referencia no artigo 7 dos seus Estatutos, así como outras funcións análogas propias do eido da garantía da calidade universitaria, que lle poidan ser encomendadas polo Consello de Dirección ou pola normativa que resulte de aplicación.

A CGIACA actúa con independencia de calquera outro órgano e institución e adopta as decisións finais no que atinxe ás funcións que ten atribuídas, das que é a última responsable.

A CGIACA está composta por un presidente, seis vogais de recoñecido prestixio da comunidade académica e científica e mais polo director da ACSUG, que actúa como secretario con voz e sen voto. Os membros da CGIACA actúan a título persoal e con plena independencia.

Para o exercicio das súas funcións, a CGIACA conta con comités de asesores expertos designados pola propia comisión. No ano 2014 colaboraron un total de 445 asesores expertos, algúns dos cales participaron en diferentes procesos de avaliación.

O regulamento de funcionamento, os distintos procedementos e protocolos de avaliación, informe e certificación que aproba e as normas reguladoras da composición, réxime de funcionamento, requisitos e procedemento de designación dos comités de asesores de expertos, aprobados pola CGIACA, son públicos.

**O Consello Asesor**

O Consello Asesor é o órgano consultivo da ACSUG e correspóndelle a análise e a reflexión sobre o funcionamento e as actividades que desenvolve a ACSUG. Entre as súas funcións está, ademais, a de resolver as controversias que se produzan respecto do cumprimento das normas ou códigos éticos e de boas prácticas, no que

atinxe aos procedementos e actuacións que desenvolve a ACSUG.

Actualmente o Consello Asesor está presidido polo director da ACSUG e está composto ademais por oito vogais, que son designados polo Consello de Dirección entre personalidades de recoñecido prestixio do eido científico, académico e profesional, nacional e internacional, alleos ao SUG, e garantindo a presenza de representantes do sector empresarial e de estudantes das universidades galegas. Un técnico da ACSUG actúa como secretario con voz e sen voto.

**Recursos humanos**

O cadro de persoal da ACSUG está formado polo director, 11 técnicos e 5 administrativos. A nivel operativo/funcional, a ACSUG conta cos seguintes departamentos:

**Gabinete de Dirección**

Encárgase fundamentalmente das relacións externas, do apoio aos comités de avaliadores expertos e mais do control e mellora continua da calidade interna da ACSUG.

**Unidade de Programas**

Ocúpase, entre outras actividades, dos procesos de verificación, seguimento, modificación e acreditación de títulos oficiais, da avaliación do deseño e certificación da implantación de procedementos de garantía de calidade dos centros, da avaliación de centros externos ao Sistema Universitario Español (SUE), do desenvolvemento do programa de avaliación da calidade docente do profesorado universitario (Programa Docencia) e mais da realización de estudos e análises de inserción laboral dos titulados universitarios do SUG.

**Unidade de Profesorado**

Correspóndelle realizar, entre outras actividades, a avaliación previa á contratación de profesorado universitario e á asignación de retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais dos profesores funcionarios e contratados doutores. Realiza tamén a análise e seguimento das capacidades en I+D+i asociadas ao eido universitario, así como outras funcións de avaliación de profesorado universitario e grupos de investigación encomendadas á ACSUG por convenio.

**Unidade de Xestión**

Nesta unidade encádranse os departamentos encargados de lle dar soporte ao resto de unidades e mais os dos servizos xerais, necesarios para o desempeño das actividades da ACSUG.

**CALIDADE INTERNA****Sistema de xestión interno de calidade e medio ambiente**

Como organismo de control e avaliación da calidade universitaria, a ACSUG considera fundamental garantir un adecuado funcionamento interno para unha realización eficaz e eficiente das actividades.

Por iso, a ACSUG ten implantado un sistema de xestión interno segundo a norma ISO 9001 (xestión de calidade) e mais a norma ISO 14001 e o Regulamento EMAS (ambas sobre xestión medioambiental). O sistema de xestión está certificado externamente por AENOR e a ACSUG atópase no ciclo de certificación 2012-2015.

Durante o ano 2014 hai que salientar as seguintes accións de mellora levadas a cabo:

- Continuación coa simplificación documental e desenvolvemento de diagramas de fluxo dos procedementos do sistema de xestión.
- Mellora da xestión dos soportes informáticos.
- Impulso da medición sistemática da satisfacción dos usuarios e clientes da ACSUG
- Melloras na aplicación que xestiona os complementos autonómicos de excelencia curricular.
- Melloras na aplicación que xestiona o proceso de acreditación de profesorado como resultado dos comentarios/suxestións dos seus distintos usuarios (solicitantes, administradores e avaliadores).
- Melloras e adaptación da aplicación que xestiona o Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (Programa DOCENTIA). A aplicación adáptase aos cambios no manual e ás propostas dos usuarios.
- Adaptación das aplicacións de xestión da avaliación das axudas do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas ás modificacións de cada convocatoria.
- Reinstalación do servidor de dominio para a súa adaptación aos novos requisitos da rede.
- Renovación e ampliación dos puntos de acceso wifi para a mellora da conectividade na Axencia.

De cara ao ano 2015, amais de seguir incidindo nos procesos de medición e análise da satisfacción de todos os grupos de interese relacionados coa ACSUG, o obxectivo fundamental para levar a cabo será a proposta e desenvolvemento dun plan estratéxico da ACSUG de longa duración (periodicidade de 3 ou 5 anos), o que comportará igualmente a revisión da política de calidade e medio ambiente, do código ético e da misión e visión.

Hai que destacar tamén que, debido a que o actual ciclo de certificación do sistema de xestión remata no 2015, a ACSUG debe superar no primeiro trimestre dese ano unha auditoría externa para poder renovar a certificación do sistema para o vindeiro ciclo 2015-2018.

#### Outras normas implantadas relacionadas coa calidade e a xestión

A ACSUG busca sempre implantar calquera outra norma que posibilita unha mellora continua e un mellor desenvolvemento das actividades. Por iso ten implantado todos os aspectos relativos á Prevención de Riscos Laborais e á Seguridade e Protección de Datos de Carácter Persoal..

#### TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

Durante o ano 2014, amais das tarefas derivadas da actividade cotiá, os servizos informáticos da ACSUG desenvolveron as seguintes actividades:

#### XESTIÓN ECONÓMICA

O Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015 inclúe unha partida específica para asegurar o normal funcionamento das actividades da ACSUG. Esta partida recóllese anualmente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A ACSUG percibe outros ingresos por actividades de avaliación solicitadas á ACSUG e formalizadas a través de convenios de colaboración (avaliación do Programa DOCENTIA, avaliación de méritos de profesorado da Universidade de Oviedo, avaliación de centros de diferentes universidades de Perú, avaliacións en materia de I+D+i externas ao SUG solicitadas pola Axencia Galega de Innovación, etc.).

O control orzamentario permite coñecer en cada momento o custo de cada unha das actividades realizadas e facer as previsións correspondentes para acadar un gasto eficiente, responsable e equilibrado aos ingresos obtidos.


Velaquí detallado polo miúdo o orzamento de gastos do exercicio 2014:

Ingresos do exercicio	Previsións	Dereitos liquidados
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	86.224,46	89.573,07
4. Transferencias correntes	1.240.000,00	1.232.052,41
5. Ingresos patrimoniais	600,00	627,71
<b>Importe total</b>	<b>1.326.824,46</b>	<b>1.322.253,19</b>

Gastos do exercicio - Económica	Créditos	Obrigas recoñecidas
1. Gastos de persoal	490.874,52	488.885,67
2. Gastos correntes en bens e servizos	818.449,94	797.867,06
6. Inversións reais	17.500,00	24.335,14
<b>Importe total</b>	<b>1.326.824,46</b>	<b>1.311.087,87</b>

Gastos do exercicio - Áreas	Créditos	Obrigas recoñecidas
1. Órganos da ACSUG	82.375,78	59.089,86
2. Actividades de avaliación da calidade	831.721,33	847.809,39
3. Actividades de colaboración externa	99.653,29	101.521,87
4. Unidade de Xestión	313.074,06	302.666,75
<b>Importe total</b>	<b>1.326.824,46</b>	<b>1.311.087,87</b>

As contas anuais e a liquidación do orzamento sométense a auditoría anualmente. Así que remata a auditoría, esta documentación remítese, xunto co informe dos auditores, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia, para o seu coñecemento e control.



## AVALIACIÓN DE TÍTULOS E CENTROS

### Verificación-Modificación de títulos oficiais

Conforme ao establecido nos artigos 25, 27 e 27 bis do RD 861/2010 do 2 de xullo que modifica o RD 1393/2007 do 29 de outubro e ao disposto pola "Secretaría Xeral de Universidades" da "Consellería de Educación e Ordenación Universitaria" da "Xunta de Galicia", a ACSUG é a responsable da avaliación, previa á verificación polo Consello de Universidades, dos novos plans de estudo presentados polas universidades do SUG, do seguimento anual dos títulos inscritos no Rexistro de universidades, centros e títulos (RUCT) e da renovación da súa acreditación no prazo que establece a normativa citada.

### TÍTULOS AVALIADOS POLA ACSUG NO 2014

No tocante aos resultados dos títulos avaliados no curso 2013-2014, nos procesos de verificación e modificación presentáronse un total de 24 títulos a verificación, e un deles foi desfavorable; e 27 modificacións, das que todas obtiveron a valoración de favorable.

TÍTULOS AVALIADOS NOS PROCESOS DE VERIFICACIÓN E MODIFICACIÓN POLA ACSUG									
RAMA	CICLO	2014							
		UDC		USC		UVI		TOTAL	
		VER	MOD	VER	MOD	VER	MOD	VER	MOD
<b>Artes e Humanidades</b>	Grao	0	0	0	1	1	1	<b>1</b>	<b>2</b>
	Máster	0	0	1	0	1	0	<b>2</b>	<b>0</b>
	Doutoramento	0	0	1	0	1	0	<b>2</b>	<b>0</b>
<b>Ciencias</b>	Grao	0	0	0	0	0	0	<b>0</b>	<b>0</b>
	Máster	0	0	3	0	1	0	<b>4</b>	<b>0</b>
	Doutoramento	0	0	0	1	0	1	<b>0</b>	<b>2</b>
<b>Ciencias da Saúde</b>	Grao	0	1	0	5	0	1	<b>0</b>	<b>7</b>
	Máster	0	0	0	0	0	0	<b>0</b>	<b>0</b>
	Doutoramento	0	0	1	0	0	0	<b>1</b>	<b>0</b>
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	Grao	0	4	0	0	0	2	<b>0</b>	<b>6</b>
	Máster	3	1	1	1	0	0	<b>4</b>	<b>2</b>
	Doutoramento	0	0	1	0	1	1	<b>2</b>	<b>1</b>
<b>Enxeñería e Arquitectura</b>	Grao	0	2	1	0	1	2	<b>2</b>	<b>4</b>
	Máster	2	1	0	1	4	1	<b>6</b>	<b>3</b>
	Doutoramento	0	0	0	0	0	0	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>TOTAL</b>		<b>5</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>10</b>	<b>9</b>	<b>24</b>	<b>27</b>

Verificacións e modificacións avaliadas pola ACSUG no 2014

### Seguimento de títulos oficiais de grao e máster

No que atinxe ao programa de seguimento de títulos, no ano 2014 a ACSUG realizou o seguimento dos másteres implantados no curso 2011/2012 e dos graos implantados no 2010/2011. En total realizouse o seguimento de 92 títulos.

Distribución de títulos de seguimento por universidade, rama de coñecemento e tipo de ensinanza.

TÍTULOS OBXECTO DE SEGUIMENTO POLA ACSUG					
RAMA	CICLO	2014			
		UDC	USC	UVI	TOTAL
<b>Artes e Humanidades</b>	Grao	2	3	0	<b>5</b>
	Máster	1	3	2	<b>6</b>
<b>Ciencias</b>	Grao	0	1	3	<b>4</b>
	Máster	0	2	1	<b>3</b>
<b>Ciencias da Saúde</b>	Grao	1	6	1	<b>8</b>
	Máster	2	3	0	<b>5</b>
<b>Ciencias Sociais e Xurídicas</b>	Grao	1	6	2	<b>9</b>
	Máster	3	8	10	<b>21</b>
<b>Enxeñería e Arquitectura</b>	Grao	10	7	11	<b>28</b>
	Máster	1	1	1	<b>3</b>
<b>TOTAL</b>		<b>21</b>	<b>40</b>	<b>31</b>	<b>92</b>

### Acreditación de títulos universitarios

A finais do 2013 a ACSUG puxo en marcha un proxecto piloto de renovación da acreditación, anticipándose ás datas de renovación de acreditación de títulos e coa finalidade de obter melloras en futuras convocatorias de avaliación.

No ano 2014, continuando co desenvolvemento do proxecto piloto de renovación da acreditación realizáronse as visitas aos 6 centros onde se imparten os 17 títulos participantes no proceso. En xuño e xullo elaboráronse e enviáronse aos centros os informes provisionais e finais de renovación de acreditación.

UNI	RAMA	CENTRO	VISITA	TÍTULOS
UDC	Ciencias Sociais e Xurídicas	Facultade de Economía e Empresa	31 de marzo e 1, 2 de abril	Grao en Administración e Dirección de Empresas Grao en Ciencias Empresariais Grao en Economía Máster en Banca e Finanzas
	Enxeñería e Arquitectura	Escola Universitaria de Deseño Industrial	24 e 25 de marzo	Grao en Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento de Produto
	Ciencias da Saúde	Facultade de Ciencias da Saúde	26 e 27 de marzo	Grao en Terapia Ocupacional Máster en Asistencia e Investigación Sanitaria
USC	Artes e Humanidades	Facultade de Xeografía e Historia	25 e 26 de marzo	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio Grao en Historia Grao en Historia do Arte
	Ciencias	Facultade de Matemáticas	18 e 19 de marzo	Grao en Matemáticas Máster en Matemáticas Máster Técnicas Estatísticas
UVI	Ciencias Sociais e Xurídicas	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	22 e 23 de abril	Grao en Publicidade e Relacións Públicas Grao en Comunicación Audiovisual Grao en Dirección e Xestión Pública Máster en Dirección de Arte en Publicidade

Calendario de visitas dos títulos participantes no proxecto piloto de renovación da acreditación

O proceso de avaliación previa á renovación da acreditación correspondente á convocatoria 2014/2015 organizouse en 3 fases, conforme ao seguinte calendario:

Planificación do proceso de renovación de acreditación convocatoria 2014/2015

Responsable	FASE I	FASE II	FASE III
Solicitud (Univ.)	02.09.2014	12.11.2014	07.01.2015
Autoinforme e evidencias (Univ.)	31.10.2015	12.12.2014	12.12.2014
Visitas (ACSUG)	NOV-DIC (2014)	ENE-FEB (2015)	MARZO (2015)
Informe Final (ACSUG)	30.01.2015	10.04.2015	05.06.2015
Data límite Renovación Acreditación (CU)	02.03.2015	12.05.2015	06.07.2015

Nas **Fase I** e **Fase II** do proceso solicitaron a renovación da acreditación un total de 41 títulos correspondentes a 19 centros, e está previsto que na Fase III realicen a solicitud un total de 25 títulos correspondentes a 14 centros.

As visitas aos centros da **Fase I** realizáronse entre novembro e decembro do 2014.

Calendario de visitas dos títulos participantes na Fase I de renovación da acreditación

UNI	RAMA	CENTRO	VISITA	TÍTULOS
USC	Ciencias	Facultade de Bioloxía	3 e 4 de decembro	- Máster en Acuicultura - Máster en Neurociencia
	Ciencias da Saúde	Facultade de Enfermería	24 e 25 de novembro	- Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados - Máster en Xerontoloxía
UVI	Ciencias Sociais e Xurídicas	Escola Universitaria de Estudos Empresariais (Vigo)	3 e 4 de decembro	- Máster universitario en Dirección de PEMES - Graduado ou Graduada en Comercio - Máster universitario en Comercio Internacional
		Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (Ourense)	13 de novembro	- Máster universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa
		Facultade de Ciencias da Educación (Ourense)	9 e 10 de decembro	- Máster universitario en Intervención Multidisciplinar na Diversidade de Contextos Educativos - Máster universitario en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

### Sistemas de Garantía Interna de Calidade. Programa FIDES-AUDIT

previamente establecidos e publicados na páxina Web da ACSUG.

A certificación da implantación dos Sistemas de Garantía de Calidade (SGC) implica a realización dunha auditoría externa levada a cabo por dúas comisións de avaliación constituídas ao efecto, segundo os criterios

As comisións están compostas por vogais académicos, profesionais e estudantes e mais por persoal técnico de ACSUG.

COMISIÓN 1	COMISIÓN 2
Presidente: Antonio López Cabanes Profesional: María Vilas Breijo Estudante: Javier Puga Alonso Secretaria: M <sup>a</sup> Paula Ríos de Deus (ACSUG)	Auditor xefe: Laureano González Vega Profesionais: Marta González Moldes e Cecilia de la Rosa González Estudante: Marta López López Secretaria: M <sup>a</sup> Dolores Castro Pais (ACSUG)

En novembro do 2013 publícase a convocatoria para a solicitude de participación dos centros no proceso de Certificación da Implantación dos SGC.

- Escola Técnica Superior de Enxeñería de Minas: Favorable
- Facultade de Dereito: Pendente de revisión documental (1º semestre do 2015)
- Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo: Desfavorable
- Escola Superior de Enxeñería Informática: Favorable

Preséntanse 12 centros (6 da UDC e 6 da UVI), e velaquí o resultado:

A convocatoria oficial do 2015 publicouse en setembro do 2014 e rematou o mes seguinte o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso de certificación da implantación dos SGC. Presentáronse 4 centros (2 da UDC e 2 da UVI).

#### UDC:

- Escola Universitaria de Deseño Industrial: Pendente de revisión documental (1º semestre do 2015)
- Facultade de Ciencias da Saúde: Favorable
- Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física: Favorable
- Escola Universitaria Politécnica: Pendente de revisión documental (1º semestre do 2015)
- Facultade de Ciencias da Educación: Favorable
- Escola Universitaria de Enfermería: Favorable

#### UDC:

- Facultade de Ciencias
- Facultade de Fisioterapia

#### UVI:

- Facultade de Fisioterapia: Pendente de revisión documental (1º semestre do 2015)
- Facultade de Filoloxía e Tradución: Favorable

#### UVI:

- Escola Universitaria de Estudos Empresariais
- Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

## AVALIACIÓN DO PROFESORADO

### Avaliación e informe previo para a contratación do profesorado universitario polas universidades do SUG

Como vén sendo habitual nos últimos anos, no 2014 realizouse a convocatoria anual de avaliación previa á contratación do profesorado universitario:


para a obtención da avaliación previa á contratación de profesorado polas universidades do SUG.

Nesta convocatoria introdúcese un novo requisito de admisión a trámite. O solicitante deberá facer un pagamento previo de taxas. Esta novidade fixo que o solicitante fose máis precavido á hora de facer a súa selección de figuras contractuais, e este é un dos motivos polo que este ano o número de solicitantes diminuíu en comparación con anos anteriores.

- Resolución do 7 de maio do 2014, da Presidenta da ACSUG, pola que se aproba a convocatoria ordinaria



Mostra ou número total de solicitantes e solicitudes por figura. (CD: contratado doutor, AD: axudante doutor, UP: universidade privada).

\*SUG: Sistema Universitario de Galicia



No seguinte gráfico podemos ver a comparación entre o número de resolucións desfavorables e os recursos presentados.

Despois da etapa de resolución dos recursos de reposición presentados, os datos definitivos do procedemento de acreditación preséntanse no seguinte gráfico.



No tocante ás convocatorias anuais para a obtención do informe previo á contratación excepcional de profesorado colaborador polas universidades do SUG, xa non se van realizar máis convocatorias. Isto é debido a que a figura de contratación excepcional de colaborador ten unha peculiaridade significativa, e é que o Real Decreto 989/2008, do 13 de xuño, polo que se regula, indica que as universidades poderán convocar concursos para a contratación de profesoras e profesores colaboradores ata o 3 de maio do 2013.

**Avaliación e informe previo para a progresión e consolidación dos profesores colaboradores contratados polas universidades do SUG**

A través da Orde do 22 de abril do 2008 (DOG do 5 de maio do 2008), establécese o procedemento a seguir por parte da ACSUG para a emisión do informe previo á prórroga dos contratos de profesores colaboradores das universidades públicas de Galicia e mais para a emisión da avaliación previa á adquisición do carácter indefinido dos referidos contratos, de conformidade co establecido no artigo 6 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario, e nos artigos 9 e 10 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da ACSUG.

- **Informe previo á prórroga do contrato de profesoras e profesores colaboradores:** Poden solicitar esta avaliación todos aqueles que estean contratados por algunha das universidades públicas de Galicia como profesoras e profesores colaboradores e que se atopen no último ano do período inicial máximo de catro anos de contrato ao que se refire o artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado

universitario. No ano 2014 houbo 1 solicitante, que tivo resultado positivo.

- **Avaliación previa á adquisición do carácter indefinido do contrato de profesoras e profesores colaboradores:** Poden solicitar esta avaliación todos aqueles que prorrogaran o seu contrato como profesoras e profesores colaboradores por algunha das universidades públicas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 6.2 do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación de profesorado universitario. Nesta modalidade este ano no houbo ningún solicitante.

**Complementos retributivos**

A Lei orgánica 6/2001 do 21 de decembro, de universidades, determina que as comunidades autónomas poderían establecer -artigo 55 (persoal docente e investigador contratado) e artigo 69 (persoal docente e investigador funcionario)- retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

Desenvolvendo estes dous artigos publicouse o Decreto 55/2004 do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, co obxecto de establecer o réxime destes complementos retributivos autonómicos para o persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas de Galicia. Establécese catro tipos de complementos: complemento de recoñecemento ao labor docente (CLD), complemento de recoñecemento ao labor investigador (CLI), complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora (CEC) e complementos de recoñecemento polos cargos de xestión (CEX).

Os seguintes datos correspóndense cos resultados globais das convocatorias do 2014 dos catro complementos retributivos autonómicos que existen na actualidade en Galicia.

Os solicitantes que se presentan a estas avaliacións cõñecen previamente os requisitos e baremos de valoración, polo que a alta porcentaxe de positivos é destacable.

COMPLEMENTO	TOTAL SOLICITUDES AVALIADAS	RESOLUCIÓNS NEGATIVAS	RESOLUCIÓNS POSITIVAS	% SOLICITUDES POSITIVAS
Actividade docente e investigadora	280	24	256	91,4%
Excelencia curricular docente e investigadora	679	2	677	99,7%
Cargos de xestión	388	31	357	92,0%
<b>Total</b>	<b>1347</b>	<b>57</b>	<b>1290</b>	<b>95,8%</b>

Distribución de avaliacións por tipo de complemento.

#### Complemento de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador

O obxecto destes complementos é premiar o labor docente e investigador desenvolvido no SUG. Este complemento pódese solicitar todo o persoal funcionario e contratado doutor das universidades galegas que cumpra os requisitos previamente establecidos nas convocatorias. Estes complementos foron os primeiros en desenvolverse e véñense convocando desde o 2004.

A convocatoria do ano 2014 saíu publicada no Diario Oficial de Galicia o 24 de abril do 2014 a través da resolución do 7 de febreiro do 2014 pola que se aproba a convocatoria para a avaliación previa á asignación das retribucións adicionais relativa ao complemento de recoñecemento ao labor docente (CLD) e ao complemento de recoñecemento ao labor investigador (CLI). Os resultados obtidos detállanse polo miúdo a continuación

por solicitantes, resultados globais, resultados por complemento e categoría do solicitante.

Nesta convocatoria podemos mencionar que a maioría de solicitantes corresponderon ás figuras de contratados doutores e titulares de universidade, o que se debe ás novas contratacións e ás conversións dunhas categorías noutras. É importante mencionar que o volume de solicitudes vai diminuindo ao longo dos anos debido a que a maioría do funcionariado que compón o SUG ten concedido estes complementos desde as primeiras convocatorias e son complementos consolidables.

Neste tipo de complementos non é significativa a interposición de recursos, dado que nesta convocatoria só houbo 2, e os dous foron estimados.

Distribución de solicitudes por tipo de complemento e por universidade.

Universidade	SOLICITUDES CLD	SOLICITUDES CLI	TOTAL SOLICITUDES
<b>UDC</b>	62	63	125
<b>USC</b>	33	33	66
<b>UVI</b>	45	44	89
<b>Totais</b>	<b>140</b>	<b>140</b>	<b>280</b>

Distribución de solicitudes de CLD e CLI por universidade e por resultado.

Universidade	TOTAL SOLICITUDES	RESULTADOS TOTAIS	
		CUMPREN	NON CUMPREN
<b>UDC</b>	125	122	3
<b>USC</b>	66	51	15
<b>UVI</b>	89	83	6
<b>Totais</b>	<b>280</b>	<b>256</b>	<b>24</b>

Distribución das solicitudes do complemento labor docente por universidades e por resultado.

Universidade	SOLICITUDES CLD	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLD	
		CUMPREN	NON CUMPREN
<b>UDC</b>	62	60	2
<b>USC</b>	33	26	7
<b>UVI</b>	45	42	3
<b>Totais</b>	<b>140</b>	<b>128</b>	<b>12</b>

Distribución das solicitudes do complemento labor investigador por universidades e por resultado.

Universidade	SOLICITUDES CLI	DISTRIBUCIÓN RESULTADOS CLI	
		CUMPREN	NON CUMPREN
<b>UDC</b>	63	62	1
<b>USC</b>	33	25	8
<b>UVI</b>	44	41	3
<b>Totais</b>	<b>140</b>	<b>128</b>	<b>12</b>

FIGURA	UDC	USC	UVI	TOTAIS
CU	0	6	0	6
TU	13	18	51	82
CEU	0	0	0	0
TEU	6	3	2	11
CD	106	39	36	181
<b>Totais</b>	<b>125</b>	<b>66</b>	<b>89</b>	<b>280</b>

Distribución das solicitudes de CLD e CLI por universidade e por categoría ocupada na universidade (CU: Catedrático de Universidade, TU: Titular de Universidade, CEU: Catedrático de Escola Universitaria, TEU: Titular de Escola Universitaria, CD: Contratado Doutor).

#### Complemento retributivo autonómico de excelencia curricular docente e investigadora

Este complemento desenvolve o seu protocolo de avaliación, en primeiro lugar, mediante a Orde do 16 de abril do 2004 (DOG do 28 de abril), que posteriormente se completa coa publicación do protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA mediante a Orde do 16 de outubro do 2006 (DOG do 26 de outubro). Nel recóllense os criterios e méritos para a valoración previa á asignación dos complementos de excelencia curricular e de recoñecemento polos cargos de xestión, vixentes ata este momento.

Tanto os trámites como a xestión e avaliación de expedientes da convocatoria do 2014, obxecto de estudo na presente memoria, realizáronse ao longo do terceiro cuadrimestre do 2014 e os resultados da convocatoria comunicáronse a finais de ano.

Seguindo a normativa vixente, aos 5 anos de presentar a súa solicitude, o solicitante debe someter a actividade docente e investigadora desenvolvida nese período a un novo proceso de avaliación. Igualmente, logo dun mínimo

de 3 anos despois de presentarse, pode solicitar unha reavaliación voluntaria sempre e cando poidan acreditar un novo mérito de valoración básica (quinquenio ou sexenio).

Se comparamos a convocatoria do 2014 coa última convocatoria tramitada (a convocatoria do 2012) houbo un aumento significativo das solicitudes a avaliar. Esta situación explícase basicamente por non haber convocatoria no 2013.

No 2014 presentáronse: solicitantes que debían renovar o seu expediente no 2013 pola caducidade dos 5 anos e que non o puideron facer por non haber convocatoria; os novos solicitantes; e tamén todos os que decidiron renovar o seu expediente aos 3 anos.

De analizarmos os resultados do complemento de excelencia curricular do 2014, tanto na táboa como na gráfica, o relevante é ver a diferenza existente entre solicitantes reavaliados e novos solicitantes.

Resultados da convocatoria do complemento de excelencia curricular 2014.

UNIVERSIDADES	RESOLUCIÓN NEGATIVAS	RESOLUCIÓN POSITIVAS	DISTRIBUCIÓN DE SOLICITUDES POR TRAMOS (CONVOCATORIA 2014)*																					
			-4	-3	-2	-1	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14			
UDC 144	NOVO SOLICITANTE	48	0	48	0	0	0	0	0	1	0	6	16	19	4	2	0	0	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	96	2	94	0	0	0	3	7	30	34	17	3	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
USC 312	NOVO SOLICITANTE	60	0	60	0	0	0	0	0	0	0	4	18	18	15	5	0	0	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	252	0	252	0	1	0	7	28	76	82	40	15	3	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
UVI 223	NOVO SOLICITANTE	50	0	50	0	0	0	0	0	0	0	10	11	18	10	0	0	1	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	173	0	173	0	0	2	4	15	39	63	33	14	2	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Total 679	NOVO SOLICITANTE	158	0	158	0	0	0	0	0	1	0	20	45	55	29	7	0	1	0	0	0	0	0	0
	SOLICITANTE REAVALIADO	521	2	519	0	1	2	14	50	145	179	90	32	5	1	0	0	0	0	0	0	0	0	0

Cómpre sinalar que, no caso dos reavaliados, a táboa reflicte os tramos que se van incorporando en cada convocatoria ás puntuacións xa consolidadas noutras anteriores. No caso de novos solicitantes, o que se reflicte nos tramos corresponde co resultado total obtido.


Os resultados máis comúns entre os solicitantes reavaliados son os obtidos entre 0 e 3 tramos. Os solicitantes que obteñen 0 tramos en realidade nin baixan nin soben tramos na súa puntuación global con respecto ao obtido en convocatorias previas.

No caso de novos solicitantes a referencia que hai que ter en conta é diferente. Reflictese o que obteñen en total na convocatoria, xa que non teñen ningún tramo consolidado de puntuación básica. Como se aprecia na táboa, pódese dar o caso de solicitantes que nunha soa convocatoria obteñan un total de 9 tramos.

Os casos con resultado negativo son practicamente inexistentes, 2 nesta convocatoria. Responden a estes factores: para os reavaliados, que non posúan un novo mérito de valoración básica no momento no que se

presentan á reavaliación; para os novos solicitantes, non posuír 2 quinquenios de docencia e 1 sexenio de investigación (puntuación básica) ou por non cumprir con outros criterios establecidos na propia convocatoria tales como a condición de ser funcionarios ou Contratado Doutor, que a súa praza non sexa fixa e estable ou que non poidan acreditar un ano de servizo nela.

### Resolucións de excelencia curricular 1C-14



Os resultados con valores negativos (-4 tramos, -3 tramos, -2 tramos, -1 tramo) e o tramo 0, só se aplican aos expedientes reavaliados.

### Complemento retributivo por cargos de xestión

Con data do 23 de abril do 2014 sae publicada a Resolución do 06 de febreiro do 2014, pola que se aproba a convocatoria ordinaria para solicitar este complemento retributivo. É o último dos complementos retributivos autonómicos que se desenvolveu de acordo co Decreto 55/2004 do 4 de marzo e de acordo co protocolo de avaliación publicado na Orde do 16 de outubro do 2006 (DOG do 26 de outubro).

A primeira convocatoria publicouse no 2007 e presentáronse á avaliación os posibles membros candidatos do SUG masivamente. Desde esa primeira convocatoria, amais da presenza de solicitantes novos, engádese unha nova característica aos perfís dos solicitantes, xa que comeza a existir a figura do reavaliado. Pódense presentar á reavaliación aqueles solicitantes que, logo de se presentaren en anteriores convocatorias, presenten para a súa valoración un novo período dun cargo anterior ou

un cargo diferente aos xa valorados. Isto tradúcese nunha modificación dos parámetros medidos e incorpóranse os resultados inferiores a 0,5 tramos.

A tendencia nos resultados nas distintas convocatorias foi similar, e caracterízase polo número elevado de resolucións positivas. Como resolucións negativas teremos os seguintes supostos: os solicitantes que na súa primeira avaliación non obteñan polo menos 0.5 puntos/tramos, os solicitantes que non cumpran con outros criterios establecidos na propia convocatoria e os solicitantes reavaliados que, ou ben obteñen un resultado que non é como mínimo de 0.1 puntos/tramos na reavaliación, ou ben na súa globalidade (sumando os decimais anteriores e os novos) aínda así non obteñen 0.5 tramos. Estes son os casos menos numerosos.

Por universidades, tendo en conta esta premisa, obtemos os seguintes resultados na convocatoria do 2014:

Táboa resumo por universidades da convocatoria 1D/14 de complementos retributivos por cargos de xestión.

	Total resultado solicitudes	Por Universidade						Resultados globais
		UDC	% UDC	USC	% USC	UVI	% UVI	
Resultados negativos	31	11	9%	6	6%	14	9%	8%
Resultados positivos	357	118	91%	95	94%	144	91%	92%
<b>TOTAL SOLICITUDES</b>	<b>388</b>	<b>129</b>	<b>33%</b>	<b>101</b>	<b>26%</b>	<b>158</b>	<b>41%</b>	<b>100%</b>

Tendo en conta o total de solicitudes presentadas e mais a porcentaxe de solicitudes por universidade, é a universidade de Vigo a que contou cunha maior presenza, seguida da da Coruña e, por último, da de Santiago. Son as dúas primeiras as que contan cunha porcentaxe de negativas maior, pero en ningunha das tres é significativo.

Na seguinte táboa vemos o reparto de resolucións positivas e negativas para a convocatoria do 2014.


Amósanse só as puntuacións adquiridas nesta convocatoria, sen ter en consideración os tramos que os solicitantes reavaliados teñan xa consolidados. Para os novos solicitantes o que se amosa na táboa é o seu resultado total. Por este motivo hai moi poucas solicitudes con tramos elevados, xa que é pouco probable que nunha soa convocatoria un solicitante poida alcanzalos. Os resultados máis numerosos son os de obtención de 1 tramo.

SOLICITUDES AVALIADAS		TRAMOS CONVOCATORIA 2014											
		<0.5*	≥0.5	≥1	≥2	≥3	≥4	≥5	≥6	≥7	8		
UDC	129	NOVO SOLICITANTE UDC	50	11	8	24	3	2	1	1	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO UDC	79	13	6	42	12	6	0	0	0	0	0
USC	101	NOVO SOLICITANTE USC	38	6	7	14	9	2	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO USC	63	5	5	34	8	7	4	0	0	0	0
UVI	158	NOVO SOLICITANTE UVI	56	14	17	25	0	0	0	0	0	0	0
		SOLICITANTE REAVALIADO UVI	102	17	31	48	4	2	0	0	0	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>388</b>	<b>NOVO SOLICITANTE</b>	<b>144</b>	<b>31</b>	<b>32</b>	<b>63</b>	<b>12</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
		<b>SOLICITANTE REAVALIADO</b>	<b>244</b>	<b>35</b>	<b>42</b>	<b>124</b>	<b>24</b>	<b>15</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

Tramos obtidos na convocatoria 1D/14 de complementos retributivos por cargos de xestión

Na seguinte gráfica indícanse os tramos totais de cada solicitante reavaliado.

Tramos totais obtidos polos solicitantes avaliados na convocatoria 1D/14.



\*O resultado con valores negativos < 0.5 ten un significado diferente segundo se trate de solicitantes reavaliados ou novos solicitantes. Mentres que para os novos solicitantes ter un resultado en tramos < 0.5 supón unha avaliación negativa automaticamente, para os solicitantes reavaliados non supón un resultado negativo necesariamente, xa que se sumaría o novo valor ao xa consolidado. Para estes últimos, aplícase resolución negativa cando obteñen valores ≤ 0.1 tramos e non poden sumar, polo tanto, este resultado á súa puntuación xa consolidada.

## Programa DOCENTIA

O Programa de Apoio á Avaliación da Actividade Docente do Profesorado Universitario (DOCENTIA) nas universidades galegas leva en marcha desde o 2007. A partir do 2009 comeza a fase de implantación experimental e seguimento dos deseños, cunha duración mínima de dous anos e que culminará coa certificación dos mesmos.

Ata decembro do 2014 a UDC ten finalizadas catro convocatorias de implantación do seu deseño DOCENTIA. A USC rematou a 3ª convocatoria de implantación do programa e a UVI está en proceso de revisión do seu Manual de avaliación.

Por outra banda, a Comisión DOCENTIA, integrada por todas as axencias de calidade, reuniuse o 25 de marzo do 2014 para revisar os resultados, procedementos e ferramentas do programa. Partindo desta análise, propúxose a revisión da documentación relativa ao programa para axeitála ao momento actual e facilitar as sinerxias con outros procesos de avaliación. Está pendente de aprobación a documentación actualizada sobre o programa

## Outras avaliacións do profesorado

### Avaliación do profesorado da Universidade de Oviedo

En cumprimento do Convenio asinado entre a ACSUG e a Universidade de Oviedo realízanse as avaliacións previas á emisión dos informes correspondentes á avaliación dos méritos individuais do persoal Investigador non permanente e interno da Universidade de Oviedo.

A avaliación da actividade investigadora realízase de xeito similar á avaliación dos méritos de investigación para profesorado funcionario e cos mesmos criterios segundo as instrucións adaptadas da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI) e da Resolución de 15 de novembro do 2013 da CNEAI, pola que se establecen os criterios específicos de cada un dos campos de avaliación.

Para a realización desta avaliación cóntase cunha aplicación informática que é utilizada polos solicitantes e mais posteriormente polos avaliadores, para poder resolver todos os expedientes. Os solicitantes poden ir introducindo os tramos que someten a valoración de 6 en 6 anos, completando en cada un deles as achegas máis relevantes derivadas da súa actividade investigadora.

Na convocatoria do 2014 avaliáronse 22 solicitudes e desde a sinatura do convenio entre a ACSUG e a Universidade de Oviedo avaliáronse as seguintes solicitudes:

Avaliación Sexenios de Oviedo	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2009	38
2010	9
2011	23
2012	30
2013	8
2014	22
<b>TOTAL</b>	<b>130</b>

## AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN

### Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG

A través da orde do 14 de maio do 2014 establécense as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG, parcialmente cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa operativo de Galicia 2007-2013.

O Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) recolle no seu eixe estratéxico 2 a consolidación de grupos de referencia. Na liña de actuación 2.4. de apoio a proxectos de investigación explícase que se debe abandonar o anterior modelo baseado no financiamento dos grupos por acumulación de pequenos proxectos de investigación e adoptar un novo modelo no que os grupos reciben financiamento estrutural baseado en principios de calidade e eficiencia fundamentado en proceso de avaliación continua.

Establécense as condicións en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva para o acceso ás axudas para consolidar, estruturar e especializar as unidades de investigación máis competitivas do SUG nas modalidades de:

**Grupos de Referencia Competitiva:** Están caracterizados por bos índices de publicacións académicas; un nivel de captación de recursos elevado, aínda que variable segundo a área na que traballen; competitivos a nivel estatal e en moitos casos internacional; con capacidade para formar e atraer mozos investigadores e habituados á cooperación con outros grupos de investigación, con institucións ou

con empresas. Son axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema Galego de Innovación.

**Redes de investigación:** Trátase de axudas a grupos de investigación para apoiar o desenvolvemento dun plan de actuacións en rede que permita conformar novas capacidades científicas e abordar con maior efectividade novos obxectivos en investigación. O solicitante será un grupo de investigación do SUG (denominado coordinador) que, coa adhesión de polo menos outros tres grupos, promova o desenvolvemento dun plan de actividades conxuntas e complementarias no marco dunha rede.

**Grupos con potencial crecemento:** Axudas para a consolidación de grupos de investigación do SUG que pola súa produción científica e actividade de I+D demostran un potencial crecemento ata se converteren en grupos de referencia do SUG. Sen acadaren os niveis de desenvolvemento dos anteriores, teñen calidade investigadora constatable con criterios estritos e están na senda que os leve a ser grupos de referencia.

**Agrupacións estratéxicas:** Por agrupacións estratéxicas enténdense as unidades organizadas cun nivel de agregación superior ao grupo de investigación que, establecidas pola universidade proponente, teñan por obxectivo desenvolver unha actividade colaborativa estable e planificada con obxectivos de I+D e transferencia propios.

A selección dos beneficiarios das axudas realízase a partir da suma das valoracións realizadas por un panel de avaliadores e por unha comisión de selección. Unha vez realizadas as valoracións por parte do panel de avaliadores, os resultados transmítense a unha comisión de selección que elabora a proposta de resolución de acordo coas bases da convocatoria, as avaliacións correspondentes, a dispoñibilidade de recursos e os obxectivos de ordenación, consolidación e articulación que suscita esta actuación.

Esta Comisión pode conceder ata 10 puntos adicionais a cada solicitude sobre os 100 máximos.

Avaliáronse na convocatoria do 2014 un total de 364 solicitudes das diferentes modalidades. Unha convocatoria moi numerosa se temos en conta as convocatorias precedentes.

Desde a adxudicación, por parte da Xunta de Galicia, da fase inicial de avaliación deste proceso á ACSUG, realizáronse as seguintes valoracións:

AXUDAS PARA A CONSOLIDACIÓN E ESTRUCTURACIÓN DE UNIDADES DE INVESTIGACIÓN COMPETITIVAS DO SUG	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2010	85
2011	50
2012	73
2013	126
2014	364
<b>TOTAL</b>	<b>698</b>

#### Axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes do SUG

A través da Orde do 4 de abril do 2014 establécense as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas para proxectos de investigación desenvolvidos por investigadores emerxentes do SUG e procédese á súa convocatoria para o ano 2014.

Estas axudas baséanse no Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) de apoio a proxectos de investigación. Neste caso, o financiamento de proxectos queda circunscrito aos investigadores menores de 41 anos que defenderan as súas teses de doutoramento nos últimos 12 anos, que se integrasen en grupos que traballen en liñas de investigación diferenciadas e que, ademais, teñan experiencia posdoutoral fóra de Galicia.

Desde a adxudicación deste proceso á ACSUG realizáronse as seguintes valoracións:

AXUDAS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DESENVOLVIDOS POR INVESTIGADORES EMERXENTES DO SUG	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2012	132
2013	49
2014	54
<b>TOTAL</b>	<b>235</b>

Amais da valoración que se fai para a adxudicación das axudas de investigadores emerxentes, tamén se realiza a valoración do seguimento e fase final dos que obtiveron as axudas en convocatorias previas.

Así, no 2014 realizáronse as valoracións finais dos que obtiveron a adxudicación no 2012:

AXUDAS PARA PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN DESENVOLVIDOS POR INVESTIGADORES EMERXENTES DO SUG (SEGUIMENTO E FASE FINAL DOS PROXECTOS)	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2014	173
<b>TOTAL</b>	<b>173</b>

#### Formación posdoutoral do plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) Modalidade A e Modalidade B

O Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C) recolle no eixe estratéxico 1, "Xestión do talento", as actuacións de apoio á carreira investigadora, entre as cales se atopa o Programa de apoio á etapa posdoutoral. A finalidade deste programa é incrementar a incorporación do persoal investigador ao sistema de I+D+i galego, mediante dúas modalidades diferentes, fomentando na súa etapa inicial a mobilidade internacional para mellorar a súa formación e posibilitando posteriormente a súa reincorporación ao SUG.

As Axudas da modalidade B son de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral e teñen como finalidade posibilitar a continuación da traxectoria investigadora do persoal investigador que obtivo unha praza nunha universidade do SUG. O contrato deberase desenvolver na mesma universidade e área na que a persoa contratada desenvolveu a súa traxectoria investigadora e a duración das axudas será dun máximo de 2 anos, sen posibilidade de prórroga.

Avaliáronse na ACSUG as seguintes bolsas posdoutorais de modalidade B:

FORMACIÓN POSDOCTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECIMENTO 2011-2015 (Plan I2C) Modalidade B	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2012	26
2013	29
2014	10
<b>TOTAL</b>	<b>65</b>

Unha vez finalizado o contrato, as persoas sométense a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida. O proceso de avaliación lévao a cabo un equipo de avaliadores expertos externos ao SUG e que son xestionados pola ACSUG.

FORMACIÓN POSDOCTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECIMENTO 2011-2015 (Plan I2C) Avaliación final. Modalidade B	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2013	12
2014	18
<b>TOTAL</b>	<b>30</b>

As axudas da modalidade A son de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, co obxecto de ampliar a formación do persoal investigador no estranxeiro con posibilidade de retorno, mediante o financiamento dun contrato dun máximo de dous anos de duración para poder realizar así estancias no estranxeiro e dun ano de duración para financiar o seu retorno en universidades do SUG.

A seguinte táboa reflicte o total de solicitudes avaliadas polas comisións de asesores expertos desde que se lle adxudicou esta función á ACSUG no 2012.

FORMACIÓN POSDOCTORAL DO PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECIMENTO 2011-2015 (Plan I2C) Modalidade A	
CONVOCATORIAS	N.º DE AVALIACIÓNS REALIZADAS
2012	234
2013	208
2014	168
<b>TOTAL</b>	<b>610</b>

Unha vez finalizado o contrato, as persoas sométense a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida, o mesmo que acontece coas axudas de modalidade B. Aínda non se realizou ningunha avaliación deste tipo na ACSUG porque aínda non se cumpriron os prazos de revisión correspondentes.

#### Avaliación previa á asignación de proxectos de investigación e creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento (2014)

Segundo se establece na normativa vixente, a asignación dos proxectos de investigación e creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento en Galicia, precisa dunha avaliación previa, que se realiza coa colaboración da ACSUG.

Na convocatoria do 2014 presentáronse un total de 24 proxectos para a súa avaliación, 3 dos cales foron excluídos por criterios formais. Os outros proxectos distribuíronse do seguinte xeito: 8 pertencentes ao eido xurídico, económico e social, 7 ao eido da enxeñería e arquitectura e, finalmente, os 6 restantes ao eido biosanitario.

#### Avaliación de axudas concedidas no 2009 para a contratación de doutores (Programa Isidro Parga Pondal) en centros de investigación alleos ao SUG

En virtude do convenio de colaboración asinado entre a ACSUG e a Axencia Galega de Innovación (AGAIN), de data 12 de maio do 2014, a ACSUG procedeu a realizar a avaliación de 6 expedientes das devanditas axudas.

#### Concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do Programa Conecta Pemes para fomentar a cooperación público-privada a través de proxectos de investigación e desenvolvemento en cooperación entre pemes en áreas estratéxicas para a Comunidade Autónoma De Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo De Desenvolvemento Rexional (FEDER)

En virtude do convenio de colaboración asinado entre a ACSUG e a Axencia Galega de Innovación (AGAIN), de data 12 de maio do 2014, atribuíuselle á ACSUG a tarefa de realizar a avaliación de 68 proxectos de investigación en relación coas devanditas axudas.

#### ESTUDOS DE INSERCIÓN LABORAL

No ano 2014 seguíronse a desenvolver, de xeito periódico, as actividades orientadas á análise da situación laboral dos titulados no SUG, destacando como principal obxectivo proporcionarlles información ás universidades e á sociedade en xeral da percepción que os titulados teñen da súa situación laboral e do seu paso pola universidade.

Dada a estrutura actual dos plans de estudo: graos, másteres e programas de doutoramento, a ACSUG comezou no ano 2013 un novo proxecto, no que se ampliou a poboación obxecto de estudo aos titulados en másteres, amais dos titulados en 1º e 2º ciclo (licenciaturas, diplomaturas e enxeñerías) e graos, que xa se viñeran analizando sen interrupción desde o ano 2001.

As accións desenvolvidas pola ACSUG en relación aos estudos de inserción laboral detállanse polo miúdo deseguido para cada un dos estudos.

#### Estudos de inserción laboral a titulados universitarios de 1º e 2º ciclo (diplomaturas, licenciaturas, enxeñerías técnicas e enxeñerías, arquitectura e arquitectura técnica) e graos

O obxectivo principal é proporcionar información sobre a situación laboral dos titulados universitarios aproximadamente aos dous anos de remataren a titulación.

Neste caso, non só se pretende achegar información de como se produce a integración no mercado laboral, senón que tamén se analiza a satisfacción dos titulados no seu paso pola universidade. No tocante ao mercado laboral, as temáticas estudadas pódense estruturar principalmente en dous apartados: o acceso ao emprego e a situación laboral actual.

Porcentaxe de resposta nos últimos sete estudos.

	SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA						
	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011	EIL1112
<b>POBOACIÓN</b>	10.280	8.689	9.216	8.846	8.922	9.289	8.106
<b>MOSTRA</b>	5.362	4.569	4.830	4.965	5.004	5.114	4.687
<b>% RESPONSA</b>	52,16%	52,58%	52,40%	56,12%	56,10%	55,05%	57,82%
<b>TRABALLO DE CAMPO</b>	Maio 2008	Maio/Xuño 2009	Maio/Nov. 2010	Outubro 2011	Decembro 2012	Decembro 2013	Decembro 2014
<b>PUBLICACIÓN DE RESULTADOS</b>	2009	2010	2011	2013	2014	Previsión 2015	Previsión 2015

- **EIL0910 “Estudo da inserción laboral dos titulados no SUG 2009-2010”:** A poboación obxecto de estudo correspóndese cos titulados no curso académico 2009-2010. A publicación do informe global de resultados realizouse o 19 de xuño do 2014 e enviúselles o resumo dos principais resultados ás universidades do SUG.
- **EIL1011 “Estudo da inserción laboral dos titulados no SUG 2010-2011”:** A poboación obxecto de estudo correspóndese cos titulados no curso académico 2010-2011. Durante o ano 2014 o Grupo de Análise Estatística da ACSUG foi elaborando o informe global

de resultados, polo que en decembro do 2014 se realizou un avance dos resultados e está previsto realizar a presentación do informe global no ano 2015.

- **EIL1112 “Estudo da inserción laboral dos titulados no SUG 2011-2012”:** A poboación obxecto de estudo correspóndese cos titulados no curso académico 2011-2012. En decembro do 2014 desenvolveuse o traballo de campo. O resto de accións relativas a este estudo levaranse a cabo durante o 2015.

En relación a estes estudos cómpre salientar a publicación dos principais resultados obtidos no EIL0809 e no EIL0910, desagregados por titulación, no seguinte enlace web: <http://www.edu.xunta.es/web/node/13719>

### Estudos de inserción laboral a titulados en másteres universitarios oficiais

O obxectivo principal é proporcionar información sobre a situación laboral dos titulados en Másteres, aproximadamente aos tres anos de remataren a titulación. Cómpre salientar o estudo exhaustivo de toda a poboación nestes estudos.

- **EILMásteres0710 “Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no SUG 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010”:** Nesta experiencia piloto iniciada no ano 2013 considerouse a poboación titulada en másteres correspondente aos cursos académicos 2007-2008, 2008-2009 e 2009-2010, realizándose a enquisa aproximadamente aos tres, catro e cinco anos respectivamente. O grupo de traballo externo, coordinado desde a ACSUG, elaborou ao longo do ano 2014 un informe global de resultados, que está previsto presentar para o ano 2015.

SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA		
	EILMÁSTERES0710	EILMÁSTERES1011
<b>POBOACIÓN</b>	2.915	2.099
<b>MOSTRA</b>	2.242	1.510
<b>% RESPOTA</b>	76,91%	71,94%
<b>TRABALLO DE CAMPO</b>	Maio-Xuño 2013	Xuño-Xullo 2014
<b>PUBLICACIÓN DE RESULTADOS</b>	Previsión 2015	Previsión 2015

Porcentaxe de resposta nos dous últimos estudos

- **EILMásteres1011 “Estudo da inserción laboral dos titulados en Másteres no SUG 2010-2011”:** A poboación obxecto de estudo correspóndese cos titulados en másteres no curso académico 2010-2011. Durante o ano 2014 o Grupo Externo de Colaboradores comezou a análise de resultados e mais a elaboración do informe global de resultados, polo que ao longo do ano 2015 está previsto realizar a presentación desta publicación.



Desde a súa creación a ACSUG considerou esencial establecer relacións e intercambio de información con outras axencias de calidade e organismos relacionados co eido universitario, tanto a nivel nacional como internacional.

Tamén se incidiu sempre na necesidade de promover e darlle publicidade ás actividades que a ACSUG realiza, mediante a súa difusión na páxina web, organización de seminarios, realización de publicacións, etc.

### ACTIVIDADES INTERNACIONAIS

#### ENQA

A European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA) é un organismo do que forman parte axencias de calidade de educación superior europeas que cumpren cos "Criterios e Directrices para a Garantía da Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG)".

A ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA desde novembro do 2009, logo de superar positivamente un proceso de avaliación externo levado a cabo por este organismo. Dado que os membros de pleno dereito de ENQA deben superar periodicamente un proceso de avaliación externo cada 5 anos, no ano 2014 a ACSUG someteuse novamente a un proceso de avaliación.

Este proceso incluíu, inicialmente, unha fase de autoavaliación realizada pola ACSUG. Posteriormente, en abril do 2014, levouse a cabo unha visita ás instalacións da ACSUG por parte da comisión externa encargada da avaliación. Nesta visita, o comité externo reuniuse con representantes de todos os grupos de interese do SUG: persoal da ACSUG, membros dos diferentes órganos da axencia, representantes do goberno autonómico e das universidades, avaliadores e expertos externos, estudantes, empresarios e grupos de traballo externos. Finalmente, o comité externo emitiu un informe final que, logo de ser revisado polo board de ENQA, confirmou a ACSUG como membro de pleno dereito por 5 anos máis ata o 2019.

Amais do proceso comentado anteriormente, a ACSUG seguiu a participar durante o ano 2014 noutras actividades que se levaron a cabo por parte de ENQA:

- 1) A ACSUG participa desde o ano 2008 no grupo de traballo "Internal Quality Assurance (IQA) Group", integrado por técnicos de calidade interna das axencias de calidade universitarias europeas. No ano 2013, a denominación do grupo de traballo cambiou: "Grupo de traballo VI sobre o coñecemento da parte 3 dos Estándares Europeos (KP3)", pero a filosofía e proposta de traballo anterior mantense. En xuño do 2014 realizouse unha reunión do grupo de traballo en Bruxelas (Bélxica).

2) Técnicos da ACSUG participaron durante o ano 2014 noutros dous grupos de traballo específicos creados por ENQA e que seguirán a traballar durante o ano 2015:

- a) Grupo de traballo I sobre o impacto do aseguramento da calidade: Este grupo de traballo creouse no 2012 e o principal obxectivo do mesmo é analizar os efectos da implantación dos procedementos de aseguramento da calidade na educación superior en Europa.
- b) Grupo de traballo IV sobre a implicación dos grupos de interese do sistema universitario nos procedementos de aseguramento da calidade: Este grupo de traballo creouse no 2012 e o seu propósito é analizar e fomentar a participación dos distintos colectivos relacionados coa ensinanza superior en Europa: alumnos, titulados, persoal académico, empresarios, etc.

3) A ACSUG enviou novas para incluír nos 3 newsletters de ENQA do ano 2014, e dúas delas foron finalmente aceptadas. Unha das noticias foi sobre os resultados do plan piloto de renovación da acreditación de títulos universitarios de Galicia, e a outra sobre a colaboración de ACSUG nun proxecto Tempus con Uzbequistán.

4) A ACSUG colaborou no 2014, achegando información sobre as súas actividades, no proxecto de ENQA: "4º estudo sobre procedementos de aseguramento da calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (4th QPP)".

5) Asistencia do Director da ACSUG ás dúas reunións anuais de ENQA: Members' Forum en abril do 2014

en San Petersburgo (Rusia) e General Assembly en outubro do 2014 en Zagreb (Croacia).

6) Un técnico da ACSUG asistiu en novembro a Oslo (Noruega) ao 10º Seminario de formación para avaliadores. Neste seminario analizáronse aqueles aspectos máis destacables dos Criterios Europeos (ESG) e mais casos prácticos de avaliacións externas de axencias. Os asistentes a estas xornadas de formación entran a formar parte da base de datos de posibles avaliadores que poden participar nos comités externos designados por ENQA.

7) Asistencia do Director da ACSUG ao 9º European Quality Assurance Forum (EQAF) celebrado en novembro do 2014 en Barcelona. O EQAF é un foro anual que permite o intercambio de experiencias sobre a educación superior por parte de todos os grupos de interese: alumnos, universidades, axencias de calidade universitaria, etc.

### EQAR

O Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (EQAR) foi creado no ano 2008 por ENQA, ESU, EUA e EURASHE, os órganos europeos representantes das axencias de garantía de calidade, estudantes, universidades e outras institucións de educación superior, respectivamente, para incrementar a transparencia da calidade na educación superior en Europa. O EQAR é un rexistro onde se inclúen aquelas axencias de garantía da calidade que son recoñecidas pola súa profesionalidade e credibilidade no desenvolvemento das súas actividades.

Desde novembro do 2010 a ACSUG está incluída no EQAR, logo de que este organismo verificase que a ACSUG desenvolve as súas actividades cumprindo cos Criterios e Directrices para a Garantía de Calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG). No 2014, a ACSUG, logo de superar un novo proceso de avaliación, renovou a súa pertenza ao EQAR ata o ano 2019.

No ano 2014, a ACSUG colaborou no estudo posto en marcha polo EQAR denominado: "Recoñecemento da Actividade Internacional de Avaliación da Calidade (Recognising International Quality Assurance Activity in the EHEA (RIQAA))" e participou na xornada de presentación dos resultados do estudo, levada a cabo en novembro do 2014 en Palermo (Italia).

### ECA

A ACSUG é membro do Consorcio Europeo de Acreditación (ECA) desde xuño do 2013, organismo do que forman parte axencias de garantía de calidade europeas que queren incidir no recoñecemento mutuo das actividades realizadas e mais na aprendizaxe mutua e no intercambio de boas prácticas relativas á educación superior.

Representantes da ACSUG asistiron no 2014 a dous eventos organizados por ECA:

- 17th ECA workshop celebrado no Porto (Portugal) en xuño.
- ECA Winter seminar en decembro na Haia (Holanda).

Ademais, un técnico da ACSUG está a colaborar nun dos grupos de traballo postos en marcha por ECA, grupo de traballo 1 sobre recoñecemento mutuo e programas conxuntos (Mutual recognition and joint programmes).

### Avaliación de centros universitarios externos ao Sistema Universitario Español

A ACSUG desenvolveu unha metodoloxía para a avaliación de títulos e centros universitarios externos ao Sistema Universitario Español.

O proceso consta de tres fases:

- 1) Unha autoavaliación que debe realizar o título ou centro (segundo as guías elaboradas pola ACSUG).
- 2) Unha avaliación externa e emisión de informe final por parte dun comité externo designado pola ACSUG (incluíndo unha visita aos centros avaliados).
- 3) Seguimento e renovación do certificado: en caso de avaliación positiva, o certificado concedido pola ACSUG terá unha validez de seis anos.

O título ou centro debe elaborar e enviarlle á ACSUG, anualmente, un autoinforme de seguimento segundo o establecido nas guías deseñadas pola ACSUG, incluíndo o plan de accións de mellora e os resultados dos indicadores, para a súa revisión.

Ao cabo de tres anos realizarase unha avaliación especial de seguimento para comprobar a execución efectiva de ditas accións e a súa repercusión na mellora continua do centro.

Aos seis anos levarase a cabo un novo proceso de avaliación, incluíndo autoavaliación e visita externa e, segundo o seu resultado, renovarase, se procede, o certificado de avaliación.

**Avaliación de centros da Universidade de San Martín de Porres (USMP) de Perú**

Como xa se comentou anteriormente, dentro do proceso desenvolvido pola ACSUG como parte da certificación dos centros universitarios alleos ao Sistema Universitario Español, existe unha fase de seguimento con visita para unha revisión in situ, dous plans de mellora desenvolvidos polos centros a raíz das propostas de mellora xurdidas durante o proceso de avaliación externa.

Xa que logo, no mes de novembro do 2014 realizouse unha visita de seguimento aos seguintes centros da USMP:

- Facultade de Obstetricia e Enfermería
- Facultade de Odontoloxía
- Instituto para a Calidade da Educación
- Facultade de Medicina Humana
- Escola Profesional de Psicoloxía

Realizouse ademais a certificación dun novo centro da USMP: Instituto de Goberno e Xestión Pública.

Os informes destes centros foron aprobados na CGIACA celebrada o 17 de decembro do 2014.

**Avaliación de centros da Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (UANCV) de Perú**

A ACSUG e mais a Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (UANCV) de Perú asinaron no ano 2012 un convenio mediante o cal a ACSUG levará a cabo actividades de avaliación e certificación nesta universidade.

Durante o ano 2014, levouse a cabo o proceso de avaliación da seguinte Carreira Académico Profesional (CAP):

- CAP de Contabilidade

De cara ao ano 2015, planificouse o proceso de avaliación de 8 novas carreiras académico profesionais da UANCV:

- CAP de Enxeñería de Sistemas
- CAP de Enxeñería Civil
- CAP de Enxeñería Mecánica Eléctrica
- CAP de Enxeñería Electrónica e Telecomunicacións
- CAP de Enxeñería Industrial
- CAP de Enxeñería Mecatrónica
- CAP de Arquitectura e Urbanismo
- CAP de Enxeñería Sanitaria e Ambiental

**Sinatura de convenio marco coa Universidade de Guanajuato de México**

A ACSUG e mais a Universidade de Guanajuato (México) asinaron no ano 2014 un convenio mediante o cal a ACSUG levará a cabo actividades de avaliación e certificación nesta universidade, incidindo deste xeito no aseguramento da súa calidade.

En xuño do 2014, varios representantes desta universidade asistiron a un seminario de formación organizado na ACSUG, centrado en explicar os procesos de avaliación externa a nivel internacional que a ACSUG está a levar a cabo e os criterios que se utilizan neles.

**OUTRAS COLABORACIÓNS****Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades (2013)**

En xuño do 2014 publícase o "Informe sobre o estado da avaliación externa da calidade nas universidades españolas, 2013". Este informe, coordinado pola ANECA e no que participan todas as axencias de calidade autonómicas, é o sétimo dunha serie de informes anuais que teñen como fin informar o Ministerio de Educación e mais o Consello de Universidades sobre o desenvolvemento dos procesos de avaliación, certificación e acreditación en España no eido da educación universitaria.

O informe 2013 recolle os resultados obtidos, en primeiro lugar, a partir das avaliacións de sistemas de garantía interna de calidade dos centros e institucións e dos procedementos que estas puxeron en funcionamento encamiñados á revisión e á mellora da calidade docente. En segundo lugar, a partir da avaliación de títulos oficiais nas súas fases de deseño, implantación e renovación da acreditación; e, en terceiro lugar, a partir dos procesos de avaliación do persoal docente investigador das universidades, ben encamiñados á acreditación de

candidatos para o acceso a prazas de PDI contratado ou funcionario, ou ben encamiñados ao recoñecemento da actividade do PDI no exercicio das súas funcións dentro das universidades.

**Participación na Rede Española de Axencias de Calidade Universitaria (REACU)**

A ACSUG é membro da REACU, organismo do que forman parte todas as axencias españolas de avaliación da calidade universitaria de eido autonómico e a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA). Nas reunións periódicas deste organismo trátanse temas sobre avaliación e coordinación que afectan a todas as axencias españolas.

**Participación na Comisión Universitaria Reguladora do Seguimento e da Acreditación (CURSA)**

A ACSUG é membro de CURSA, comisión que realiza un labor fundamental no deseño e establecemento de metodoloxías de avaliación para as titulacións universitarias oficiais.

## CURSOS, XORNADAS E SEMINARIOS

### Organizados pola ACSUG

FECHA	ACTIVIDADE	LUGAR
05/02/14	Xornada de Formación para as Comisiós de Avaliación do programa DOCENTIA da Universidade da Coruña (UDC)	ACSUG
13/02/14	Xornadas de formación para os comités de avaliadores de ACSUG de acreditación, verificación e seguimento de títulos	ACSUG
04/06/14 y 06/06/14	Xornada de formación para representantes de Uzbekistán en relación co programa Tempus SAMUz	ACSUG
19/06/14	Presentación da publicación: "Estudo da inserción laboral dos titulados no SUG 2009-2010"	ACSUG
27/06/14	Xornada de formación para representantes da Universidade de Guanajuato de México	ACSUG
18/07/14	Xornada de formación para os comités de avaliadores de ACSUG que realizarán a avaliación externa da Universidade Andina Néstor Cáceres Velásquez (UANCV) de Perú	ACSUG
30/07/14	Presentación do avance de resultados: "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2010-2011"	ACSUG
27/10/14	Xornadas de formación para os comités de avaliadores da ACSUG da renovación da acreditación de títulos	ACSUG
11/12/14	Xornadas de presentación ás universidades do programa acredita	ACSUG

### Presentación de relatorios

FECHA	ACTIVIDADE	PARTICIPACIÓN	LUGAR
06/03/14	Conferencia sobre Doutoramento e Calidade	Presentación dun relatorio por parte do Director da ACSUG	UVIGO (Vigo)
23/04/14	IV Xornadas de Orientación da UDC	Presentación dun relatorio por parte dun técnico da ACSUG	UDC (A Coruña)
13/11/14	IV Xornadas de Observatorios Ocupacionais	Presentación dun relatorio por parte dun técnico da ACSUG	UDC (A Coruña)

## PUBLICACIÓNS

No ano 2014 a ACSUG realizou as seguintes publicacións:

### Memorias de Actividades



Título: Memoria de Actividades 2012  
Páxinas: 28  
Ano: 2014

### Inserción Laboral



Título: Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2009-2010  
Páxinas: 197  
ANO: 2014  
Depósito Legal: C 61-2014  
ISBN: 978-84-695-9851-1

### Otras Publicaciones



Título: Ferramentas de avaliación para a mellora da calidade de ensinanza e centros de educación superior  
Páxinas: 376  
Ano: 2014  
Depósito Legal: C 2167-2014



**ACSUC**  
AXENCIA para a CALIDADE do  
SISTEMA UNIVERSITARIO de  
GALICIA